



**XUNTA
DE GALICIA**

**MEMORIA ANUAL
DE INSPECCIÓN AMBIENTAL
PROGRAMA 2024**

Servizo de Intervención Ambiental

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE



ÍNDICE

1.Acrónimos, abreviaturas e definicións	Páx. 3
1.1. Acrónimos e abreviaturas	Páx. 3
1.2. Definicións	Páx. 4
2. Obxecto	Páx. 6
3. Cumprimento dos obxectivos do Programa de Inspección	Páx. 7
3.1. Planificación e control	Páx. 7
3.2 . Formación	Páx. 8
3.3. Participación en redes e foros de inspectores ambientais	Páx. 8
3.4. Responsabilidade ambiental	Páx. 9
3.5. Certificación UNE EN ISO 9001:2015	Páx. 9
3.6. Actuacións dentro do Plan Camgal	Páx. 10
4. Medios e recursos da Inspección Ambiental	Páx. 12
5. Actuacións de control e inspeccións realizadas en 2024	Páx. 14
6. Inspeccións realizadas polo persoal Inspector Ambiental	Páx. 19
6.1. Inspeccións a actividades IPPC	Páx. 22
6.2. Inspeccións a actividades non IPPC	Páx. 28
6.3. Inspeccións a vertedoiros	Páx. 29
6.4. Inspeccións de control de traslados de residuos	Páx. 30
7. Inspeccións realizadas pola Policía Autonómica de Galicia (UPA)	Páx. 33
8. Indicadores Ambientais do Programa 2024	Páx. 35
8.1. Indicadores de actividade	Páx. 35
8.2. Indicadores de resultados	Páx. 38



1. ACRÓNIMOS, ABREVIATURAS E DEFINICIÓNS

1.1. ACRÓNIMOS E ABREVIATURAS

AAI:	Autorización Ambiental Integrada
DEI:	Directiva de Emisións Industriais
IGAMAOT:	Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território, da República de Portugal.
IMPEL:	Rede da Unión Europea para a Aplicación e Cumprimento do Dereito Ambiental (<i>Implementation and Enforcement of Environmental Law</i>)
IPPC:	Prevención e control integrados da contaminación
IRAM:	Método Integrado de Avaliación de Risco
ISO:	Normas técnicas internacionais da Organización Internacional de Normalización (<i>Internacional Organization for Standardization</i>)
LMAG:	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
MTDs:	Mellores Técnicas Dispoñibles
PRTR:	Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes
REDIA:	Rede de Inspección Ambiental de España
SEPRONA:	Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil
SXC:	Sistema de Xestión da Calidade
SXMA:	Sistema de Xestión Medioambiental
UNE-EN:	Normas españolas creadas nos Comités Técnicos de Normalización
UPA:	Unidade da Policía Nacional adscrita á comunidade autónoma de Galicia



1.2. DEFINICIÓNS

Autorización Ambiental Integrada	Resolución escrita do órgano competente da comunidade autónoma na que se localice a instalación, polo que se permite, aos efectos da protección do medio ambiente e da saúde das persoas, explotar a totalidade ou parte dunha instalación, baixo determinadas condicións destinadas a garantir que cumpre o obxecto e disposicións do RDL 1/2016 e o RD 815/2013 de IPPC. En Galicia outórgase por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
CAMGAL	Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental de Galicia.
Campaña de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as distintas actuacións incluídas dentro dun mesmo subprograma de inspección ambiental. Distínguese polo carácter flexible da súa duración e a especificidade en canto aos aspectos ambientais que se consideraran ou ao tipo de actividade ou instalación que se inspecciona.
Desviación ambiental	Todo incumprimento dos condicionantes da autorización ambiental (incluídos os referentes á normativa ambiental que lle sexa de aplicación dentro da propia autorización) ou situación que aínda non incumprindo os condicionantes pode supoñer un risco ambiental.
GAIA	Plataforma Galega de información ambiental (https://gaia.xunta.es). Futuro portal único de acceso a todas as aplicacións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
Informe de inspección IPPC	Informe realizado polo persoal inspector tras realizar unha inspección de verificación ambiental no que se incluírán as conclusións relativas ao cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada pola instalación, así como respecto a calquera ulterior actuación necesaria.
Inspección ambiental	Toda acción levada a cabo pola autoridade competente ou no nome desta co obxecto de comprobar, fomentar e asegurar a adecuación das instalacións e actividades susceptibles de afectar negativamente o ambiente ás condicións contidas nos instrumentos preventivos ambientais ou nas normas ambientais, e controlar, se for o caso, a súa repercusión ambiental.
Mellores Técnicas Dispoñibles	A fase máis eficaz e avanzada de desenvolvemento das actividades e das súas modalidades de explotación, que demostren a capacidade práctica de determinadas técnicas para constituír a base dos valores límite de emisión e outras condicións da autorización destinadas a evitar ou, cando isto non sexa posible, reducir as emisións e o impacto no conxunto do medio ambiente e a saúde das persoas.
Persoal inspector ambiental	Persoal funcionario autonómico acreditado pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar inspeccións ambientais.



Plan de inspección ambiental	Conxunto de obxectivos e actuacións definidas pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable.
Programa de inspección ambiental	Documento executivo de vixencia anual que recolle toda a información precisa para realizar as inspeccións ambientais que nel se inclúen e priorizan, así como a previsión dos recursos necesarios para a súa execución.
Residuo	Calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar, de acordo coa lexislación básica.
Sistema de inspección ambiental	Conxunto suficiente e axeitado de medios persoais e materiais dependentes da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar con eficacia os labores de control e inspección ambiental, así como do exercicio da potestade sancionadora para garantir un axeitado nivel de comprobación do cumprimento ambiental.
Subprograma de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as actuacións contidas no programa de inspección ambiental. Distínguese pola súa permanencia ao longo do tempo, polo carácter xeral do seu contido e porque pode incluír unha ou varias campañas de inspección.
Verificación ambiental	Inspección ambiental programada de avaliación do cumprimento da AAI dunha instalación sometida á normativa IPPC.



2. OBXECTO

O Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, esixe a elaboración de plans plurianuais de inspección ambiental coa finalidade de articular, programar e racionalizar as inspeccións ambientais que se efectúen na comunidade autónoma de Galicia e, en base a dito plan, a elaboración de programas anuais que inclúa a frecuencia das visitas de inspección aos distintos tipos de instalacións e actividades cubertas polo devandito plan.

O Artigo 12 do Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, establece que a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental elaborará anualmente unha memoria na que se describan e se avalíen as actuacións inspectoras realizadas e os seus resultados, así como o grado de cumprimento da planificación das inspeccións ambientais.

De acordo co citado artigo elabórase este documento que describe e cuantifica as actividades e actuacións realizadas pola Inspección Ambiental de Galicia e o grao de cumprimento do Programa de Inspección Ambiental de Galicia 2024.

Esta memoria anual atoparase accesible na páxina web da Inspección Ambiental de Galicia, tras a súa aprobación.



3. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Durante o ano 2024, no Servizo de Intervención Ambiental realizáronse as seguintes actuacións:

3.1. PLANIFICACIÓN E CONTROL

- ✓ Elaboración, planificación e coordinación das actuacións do Programa de inspección ambiental 2024.
- ✓ Elaboración da Memoria do ano 2023.
- ✓ Elaboración do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030.
- ✓ Elaboración do Programa de Inspección Ambiental 2025.
- ✓ Elaboración de documentos e informes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade e da extinta Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental.
- ✓ Seguimento e análise das inspeccións realizadas polo persoal da Inspección ambiental.
- ✓ Elaboración de informes web de inspección ambiental e carga no portal web.
- ✓ Elaboración e traslado das solicitudes motivadas de incoación de expedientes sancionadores en base aos incumprimentos da normativa legal detectados ao Servizo Xurídico-Administrativo, ou a outro organismo competente no incumprimento detectado.
- ✓ Seguimento e análise das inspeccións realizadas pola UPA para, se é o caso, pasar ao Servizo Xurídico por detectarse incumprimento da normativa legal, ou a remisión a outro organismo por ser da súa competencia.
- ✓ Colaboración e coordinación co 112 en relación á comunicación de emerxencias ambientais e/ou incidencias ambientais.
- ✓ Actuacións dentro do Plan Camgal.
- ✓ Mantemento e certificación do Sistema de Xestión de Calidade (SXC) da Inspección Ambiental de Galicia.

3.2. FORMACIÓN

A Inspección Ambiental de Galicia conta cun sistema de xestión de calidade, actualmente certificado baixo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 no que se controlan os procesos asignados pola normativa e os documentos de traballo empregados na execución dos mesmos.

O procedemento de xestión de persoal do SXC establece a elaboración e execución dos plans de formación dentro da Inspección Ambiental así como o proceso de cualificación do persoal inspector para o exercicio das súas funcións.

No ano 2024 non se organizou ningún curso porque estaba pendente varios procesos de estabilización e o concurso de traslados para funcionarios de corpos especiais. Sen prexuízo das actividades formativas individuais realizadas polo persoal da Inspección Ambiental a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e semellantes.

En relación co procedemento de cualificación e recualificación do persoal inspector, aumentouse no 2024 o número de inspeccións conxuntas.

3.3. PARTICIPACIÓN EN REDES E FOROS DE INSPECTORES AMBIENTAIS

I.- REDIA

Realizouse a 25ª reunión plenaria os días 7 e 8 de novembro nas Palmas no contexto de REDIA e coa colaboración do MITERD con participantes de varias comunidades por videoconferencia.

No ámbito destas reunións proponse varios grupos de traballo e Galicia participa en catro que son: inspección de vertedoiros, inspección de granxas, coordinación con órganos sancionadores e no proxecto dunha plataforma informática de traballo REDIA.

II.- IMPEL

Participación do persoal inspector do Servizo de Inspección Ambiental en diversos Grupos de traballo IMPEL (Rede europea para a aplicación e cumprimento da lexislación ambiental): Granxas, Economía Circular.

II.- TWINNING

Durante o ano 2024 Galicia liderou o proxecto “Fortalecemento das capacidades para a aplicación da lexislación medioambiental (Macedonia do Norte).” O obxectivo principal deste proxecto é o apoio ao país no logro dun sistema de inspección ambiental funcional e eficiente.

3.4. RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL

O Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, asígnalle ao Servizo Xurídico-Administrativo dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a función da execución da normativa de responsabilidade ambiental na comunidade autónoma de Galicia.

Durante o ano 2024 estas funcións mantivéronse asignadas ao Servizo de Intervención Ambiental iniciándose un proceso de derivación de funcións ao Servizo Xurídico-Administrativo pola complexidade e o carácter técnico da materia.

Adicionalmente, levouse a cabo un control das empresas con actualización e revisións da garantía financeira obrigatoria (GFO), na que se enviou requirimento ás empresa para a presentación de documentación conforme á Lei de Responsabilidade Medioambiental.

3.5.CERTIFICACIÓN UNE EN ISO 9001:2015

No ano 2024 iniciouse un novo ciclo de certificación do Sistema de Xestión de Calidade da Inspección Ambiental de Galicia. Este novo ciclo supuxo unha adaptación das datas de auditoría aos efectos de sincronizar e optimizar esforzos de análise e programación.

As auditorías de certificación superáronse con resultado favorable, non atopándose non conformidades no sistema de xestión da calidade.

3.6. ACTUACIÓNS DENTRO DO PLAN CAMGAL

O día 05/01/2024 actívase o Plan CAMGAL no nivel mínimo debido ao episodio do Buque Toconao no que perdeu un cargamento de boliñas de plástico (pellets ou granzas) fronte as costas portuguesas. Nesta data empezan a localizarse estas boliñas nalgunhas praias.

O día 9 de xaneiro actívase o nivel medio. Este plan desactívase o día 1 de marzo.

O operativo estivo activo dende o 05.01.24 ata o 01.03.2025

Dentro do ámbito da resposta en terra a Subdirección xeral de Coordinación Ambiental e o Servizo de Intervención Ambiental teñen unhas responsabilidades definidas no caso de que a contaminación afecte ao sistema costeiro.

Como resumo destas responsabilidades, o Plan CAMGAL establece que o Grupo Operativo de Resposta en Terra poderá estar formado por Unidades de vixilancia e seguimento, formadas por persoal do Servizo de Intervención Ambiental, e Unidades de contención, limpeza, almacenamento temporal, transporte e xestión dos residuos, formadas por persoal da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental.

Durante esta continxencia o persoal do Servizo de Intervención Ambiental:

- Prestou apoio técnico ás unidades definidas no Plan CAMGAL (vixilancia, recollida e xestión de residuos).
- Traballouse en colaboración con outras unidades no establecemento de distintos protocolos para a información sobre pellets, para a recollida dos mesmos aos concellos e para regular a actuación do voluntariado nos distintos niveis de alerta.
- Prestou asistencia no protocolo de traballo do Sistema de Información Ambiental no que se daba resposta á información chegada a traveso deste sistema, tanto directamente como a traveso do 112. En colaboración co SIAM realizáronse propostas de resposta para as cuestións relacionadas coa continxencia que requirían dunha análise técnica específica.
- Realizáronse 9 inspeccións en praias en xaneiro. Posteriormente en agosto realizáronse 3 inspeccións ás zonas de almacenamento dos residuos para comprobar á saída dos residuos destino á xestor autorizado, para a súa eliminación.



- Realizáronse varios informes de seguimento das actuacións, en coordinación coa empresa TRAGSA. En particular avaliouuse a evolución dos datos de recollida para a realización de informes para adaptar o nivel de alerta da continxencia á realidade observada nos reportes dos traballos.


Dende a activación do plan en xaneiro ata a súa desactivación en marzo, o xefe do servizo de Intervención Ambiental e o persoal inspector adicou moitas xornadas para a análise das actuacións e a elaboración dos informes correspondentes, que motivaron unha diminución de realización de inspeccións nestes meses.



4. MEDIOS E RECURSOS DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

Para a execución das competencias asignadas, a Inspección Ambiental de Galicia conta cunha xefatura de servizo en servizos centrais en Santiago de Compostela e 4 xefaturas de servizo que teñen outras compencias adicionais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático nos Departamentos Territoriais provinciais e 22 prazas de persoal funcionario con funcións de inspección ambiental das escalas de ciencias, enxeñaría e veterinaria repartidos entre as diferentes unidades xunto con persoal técnico e administrativo de apoio .

Na actualidade o persoal inspector repártese entre cinco servizos:



Dúas das prazas no servizo de Intervención Ambiental teñen como principais funcións a coordinación da inspección ambiental e de mantemento do sistema de xestión da calidade. Outra das prazas do servizo de Intervención Ambiental ten asignadas funcións en materia de responsabilidade ambiental.

Adicionalmente, a Dirección xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade conta cunha praza de categoría A1 posto base que presta apoio no servizo de Intervención Ambiental e unha praza de auxiliar administrativo para as tarefas administrativas.

Ao longo do ano 2024 producíronse varios cambios:

- Cambio na xefatura do servizo de Intervención Ambiental.
- Ceses de persoal inspector:



- Dous no servizo de Santiago.
- Un no servizo de Lugo.
- Dous no servizo de Coruña, unhas das cales segue sen cubrir.



5. ACTUACIÓNS DE CONTROL E INSPECCIÓN REALIZADAS EN 2024

As actuacións de control e inspeccións realizadas durante o ano 2024 encádranse dentro do Programa de Inspección Ambiental correspondente, no que se sinalan o conxunto de obxectivos e actuacións definidas, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable.

No ano 2024 realizáronse un total de **715 inspeccións ambientais**, das cales foron realizadas:

255 inspeccións polo persoal inspector ambiental

460 inspeccións pola UPA

Todas as inspeccións están rexistradas no módulo de e-Inspección dentro da plataforma GAIA dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Os controis realizados polos axentes da UPA son actuacións de vixilancia e investigacións comprobatorias de circunstancias ambientais concretas, moi definidas e dunha menor complexidade técnica. As inspeccións realizadas polo persoal inspector ambiental levan asociadas unha elevada carga de estudo documental e complexidade técnica.

De acordo co indicado no Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, as inspeccións poden clasificarse:

Pola tipoloxía das instalacións ou actividades inspeccionadas

Pola existencia ou non dunha programación preestablecida

Polo momento en que se realizan



As inspeccións programadas son aquelas realizadas como parte dun programa de inspección previsto.

As inspeccións non programadas son aquelas inspeccións que, formando parte dun programa de inspección ambiental, a súa determinación realízase de xeito estimativo baseándose na experiencia doutros anos.

As inspeccións non programadas, dependendo do momento en que se realiza, clasifícanse:

Inspección preceptiva	Previas ao outorgamento dunha autorización.
Inspección de oficio	Durante o funcionamento dunha autorización ou solicitadas pola Administración cando ten coñecemento polos seus propios medios da existencia de feitos que poden ser constitutivos de ameaza inminente de dano medioambiental, posible delito ambiental ou infracción administrativa, para os efectos de constatar a súa veracidade. Inclúense as emerxencias ambientais.
Inspección reactiva	Inspección en virtude de denuncia, para comprobar a veracidade dos feitos denunciados e que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa.
Inspección de seguimento	Inspección para comprobar a corrección de desviacións atopadas nunha inspección inicial das anteriormente indicadas.

O Decreto de inspección ambiental impón a elaboración anual dun programa de inspección ambiental no que se indiquen as inspeccións programadas e non programadas.

No Programa de Inspección Ambiental de 2024, de acordo co Decreto de inspección ambiental e co Plan de Inspección Ambiental 2019-2024, desagregase nos seguintes subprogramas:

Programa a realizar pola inspección ambiental
Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC
Subprograma de inspección ambiental de vertedoiros
Subprograma de inspección ambiental de traslado de residuos
Subprograma de inspección ambiental de actividades non IPPC




Programa a realizar pola UPA
Subprograma de investigación policial programada
Subprograma de investigación policial non programada

No Programa de Inspección Ambiental 2024, priorizáronse as inspeccións programadas a actividades IPPC (verificacións ambientais) e estableceuse unha estimación das inspeccións non programadas tendo en conta a experiencia dos últimos anos e sabendo que a maioría destas inspeccións non programadas débense realizar pola inspección ambiental.

A continuación detállanse as inspeccións realizadas tomando como base o Programa de Inspección Ambiental 2024 e tendo en conta o tipo de inspeccións que se levan a cabo.

A seguinte gráfica indica un balance global do Programa de Inspección Ambiental 2024, en relación aos obxectivos propostos para as inspeccións programadas e as estimacións propostas para as inspeccións non programadas:





A seguinte táboa reflexa a porcentaxe das inspeccións realizadas con respecto ao valor programado:

Tipo de inspección	Programa 2024	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Inspección ambiental programadas	158	111	70%
Inspección ambiental non programadas	101	144	143%
UPA Programadas	700	388	55%
UPA non Programadas	130	72	55%

Obsérvase que:

1. **Para a inspección ambiental:**

- A estimación proposta no Programa 2024 para as inspeccións non programadas foi inferior ao realizado no ano 2024 dado que se realizou un 143% de inspeccións con respecto ao estimado no programa.
- A porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao programado foi dun 70%. Esta porcentaxe é debido a varios factores:
 - No ano 2024 priorizouse as inspeccións programadas IPPC, que implicaron un esforzo en tempo de traballo.
 - Por mor da priorización das inspeccións programadas IPPC, reducíronse ás inspeccións programadas non IPPC.
 - Aumentaron o número de inspeccións non programadas realizadas.
 - No mes de xaneiro produciuse unha activación do plan CAMGAL que orixinou traballo extraordinario do persoal inspector nos meses de xaneiro e febreiro.
 - O servizo de Intervención Ambiental participou no grupo de traballo de avaliación dos sistemas de información ambiental da consellería.
 - O servizo de Intervención Ambiental participou activamente na elaboración do novo Prego de Prescricións Técnicas para a contratación do servizo de desenvolvemento e evolución da plataforma de información ambiental GaIA (Expediente: AMT-2024-



0090) co obxecto de levar a cabo as melloras necesarias nos módulos da plataforma. Isto supuxo moito tempo adicado a preparación documental e a reunións con Amtega e o resto de unidades para unha maior automatización dos procedementos de inspección e redución da carga de traballo do persoal inspector.


- Incremento do número de inspeccións conxuntas co persoal de nova incorporación que se atopa en proceso de formación e cualificación. Isto ten como finalidade a homoxeneización de forma práctica dos criterios de inspección, formación do novo persoal inspector e a recualificación do persoal inspector xa formado. Este aumento das inspeccións conxuntas incrementou o tempo de realización das inspeccións dado que algunhas foron realizadas por persoal inspector de diferentes servizos.

2.- Para a UPA, realizouse unha estimación moito maior para as investigacións non programadas e fixouse uns obxectivos nas inspeccións programadas maiores dos realizados. Isto é debido a unha diminución de persoal da UPA e ao incremento do seu esforzo noutras competencias da comunidade autónoma.

6. INSPECCIÓN REALIZADAS POLO PERSOAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

No ano 2024 o persoal inspector ambiental realizou un total de 255 inspeccións: 111 programadas, 130 inspeccións non programadas e 14 inspeccións por emerxencia.


Na seguinte gráfica reflíctense a comparativa entre as inspeccións realizadas no 2024 respecto aos obxectivos programados/estimados no Programa de inspección:



As inspeccións programadas comprenden: as inspeccións programadas a actividades IPPC que dispoñen de AAI, as inspeccións programadas a actividades non IPPC e as de traslados de residuos transfronteirizos e en estradas interiores.

As inspeccións non programadas comprenden as inspeccións de oficio, preceptivas, reactivas e de seguimento. Ademais realizáronse 14 inspeccións por emerxencia.

Na seguinte gráfica detállase o cumprimento dos diferentes subprogramas de 2024:




Na seguinte táboa reflíctense as porcentaxes do cumprimento do Programa de inspección:

Inspección Ambiental	Programa 2024	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas IPPC	105	89	85
Non programadas IPPC	15	34	227
Programadas non IPPC	37	4	11
Non programadas non IPPC	75	95	127
Emerxencia	10	14	140
Traslados de residuos	16	19	119

Como se observa, cumpriuse o obxectivo prioritario de realizar un 80% das inspeccións IPPC programadas. En relación ás inspeccións non programadas IPPC, superouse a previsión e realizáronse un 227% máis de inspeccións do estimado no Programa de Inspección Ambiental 2024.

En relación as inspeccións non IPPC, tamén se superou a previsión e realizáronse un 127% de inspeccións do estimado. A porcentaxe de execución das inspeccións programadas non IPPC foi moi baixo (un 11%) debido a que se priorizou a realización das inspeccións programadas IPPC e das inspeccións non programadas, para dar cumprimento ás obrigas legais.


Na seguinte gráfica reflíctense as inspeccións realizadas pola Inspección ambiental segundo o tipo de inspección:



Lémbrese que as inspeccións programadas IPPC, programadas non IPPC e control traslado residuos están dentro de subprogramas descritos no Programa de Inspección Ambiental 2024 cuns procedementos e obxectivos determinados.


As demais inspeccións son inspeccións non programadas, que se realizan pola inspección ambiental cando son solicitadas, ben por motivo dunha emerxencia (incendio ou accidente), como consecuencia dunha denuncia en materia competencia de Medio ambiente (inspeccións reactivas), previa a outorgar unha autorización (inspeccións preceptivas) ou para comprobar que a actividade emendou as deficiencias atopadas na anterior inspección (inspección de seguimento).

En relación ás inspeccións non programadas, na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe das inspeccións por tipo realizadas no ano 2024:



Obsérvase que o 55% son inspeccións preceptivas, previas a outorgar ou modificar unha autorización.

O número de inspeccións non programadas varía en función de se é unha actividade IPPC ou non IPPC, como se observa na gráfica seguinte:




Vese que as inspeccións preceptivas son maioritarias en ambos tipos de actividades pero obsérvase que nas actividades non IPPC o número é moito maior con respecto as inspeccións a actividades IPPC.

Estas inspeccións a actividades non IPPC son maioritariamente inspeccións previas a outorgar a autorización como xestor de residuos, moitas delas para modificar as autorizacións xa outorgadas, ben para a revisión da autorización por nova normativa ambiental ou ben porque porque a actividade solicita ampliación da súa autorización porque queren incluír novos residuos a xestionar.

6.1. Inspeccións a actividades IPPC

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas a actividades sometidas a normativa IPPC con respecto ao número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:



Na seguinte táboa reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao indicado no Programa 2024:

Inspeccións a actividades con AAI	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/ programada
Programadas	105	89	85 %
Non programadas	20	35	175 %

O valor obxectivo marcado foi de 105, realizándose un total de 89 inspeccións, que supón un 85% do programado, acadándose o obxectivo do 80%.

A porcentaxe deste 85% de inspeccións programadas IPPC está relacionado con:

- Realizáronse máis inspeccións non programadas con respecto a outros anos.
- Priorizáronse este tipo de inspeccións con respecto ás inspeccións programadas non IPPC.



6.1.1 Inspeccións programadas a actividades IPPC


Dentro do Programa de Inspección Ambiental 2024 realizáronse 89 inspeccións programadas a actividades con AAI. Destas inspeccións:

- 87 inspeccións foron para comprobar que cumpren os condicionados indicados nas correspondentes AAI (as chamadas verificacións ambientais)
- 1 inspección foi a un vertedoiro IPPC para comprobar que seguía sen actividade.
- 1 granxa comprobouse que aínda non executara a ampliación da súa capacidade.


As inspeccións de **verificación ambiental** son as inspeccións periódicas a actividades IPPC con AAI para a comprobación dos condicionantes da AAI, segundo establece a propia normativa IPPC. Estas verificacións ambientais son inspeccións programadas de actividades IPPC con AAI e o seu alcance chega, salvo casos excepcionais, a todos os vectores ambientais comprendidos na autorización ambiental integrada (AAI).

A frecuencia coa que se realizan estas verificacións depende do Índice de Risco Ambiental: anual para as de risco alto, bienal para as de risco medio e trienal para as de risco baixo.

Nas seguintes gráficas indícanse as 87 verificacións ambientais realizadas no ano 2024, distribuídas por principais sectores de actividade na primeira, e por provincias na segunda.



Verificacións por sector	Nº inspeccións 2024
Industrial	36
Agropecuário	12
Residuos	16
Alimentación	23
Total	87



Verificacións por provincia	Nº inspeccións 2024
A Coruña	33
Lugo	15
Ourense	12
Pontevedra	27
Total	87

Indicar que este tipo de inspeccións requiren dun enorme esforzo de preparación da inspección debido a súa complexidade e extensa documentación a estudar asociada a este tipo de actividades xunto co traballo que se debe facer a posteriori da visita "in situ" coa elaboración do informe que leva como resultado final determinar o grado de cumprimento dos condicionantes da AAI das actividades inspeccionadas.


O grao de cumprimento da AAI da actividade inspeccionada obtense de acordo co seguinte cadro:

LEENDA: GRAO DE CUMPRIMENTO DA AAI			
	POUCO RELEVANTES	RELEVANTES	MOI RELEVANTES
TOTAL	Non se atopan desviacións da AAI en ningún dos vectores ambientais ou as detectadas foron corrixidas durante a inspección		
MOI ALTO	1 - 3	0	0
ALTO	4 - 6	0	0
MEDIO	7 - 9	1 - 3	0
BAIXO	10 - 12	4 - 6	1 - 2
MOI BAIXO	>12	>6	>2

A avaliación completa dos resultados obtidos nas verificacións ambientais realizarase na correspondente Memoria do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024, onde se recollen dous ciclos completos de verificacións ambientais, tendo en conta que cada ciclo corresponde a tres anos.

Para a avaliación dos resultados obtidos nas inspeccións realizadas en 2024, hai que ter en conta corresponden a unha parte do total das instalacións con AAI.


O resultado do grao de cumprimento dos condicionantes da AAI das actividades inspeccionadas no 2024, indícase na seguinte gráfica:



Obsérvase que, de acordo con indicado no cadro do cumprimento da AAI:


- O 58% das inspeccións non teñen ningunha desviación relevante para o medio ambiente.
- O 36% das inspeccións teñen un grao cumprimento medio, sen desviacións moi relevantes para o medio ambiente.
- E só un 7% das inspeccións obtiveron un cumprimento baixo ou moi baixo.

Na seguinte gráfica reflíctese o grao de cumprimento por cada sector de actividade:




Neste programa anual obsérvase un lixeiro predominio do grao de cumprimento Medio.


Tendo en conta o cómputo de desviacións detectadas nas verificacións ambientais obtéñse as seguintes graficas por sector, por vector ambiental indicado de acordo cos termos da AAI e por tipo de relevancia da desviación:



O sector industrial ten lixeiro maior porcentaxe de desviacións.




Os vectores con mais problemática son : vertidos líquidos, residuos, solos e augas subterráneas.







Predominan as desviacións pouco relevantes para o medio ambiente.

Na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe da relevancia das desviacións detectadas segundo o sector de actividade:



Obsérvase que predominan as desviacións pouco relevantes e que as moi relevantes son menos dun 10% e só no sector industrial e de residuos.

Nas seguintes gráficas reflíctense a categoría das desviacións detectadas segundo o sector de actividade:




Obsérvase diferenzas segundo o sector de actividade, en canto a desviacións que acumulan mais dun 20%:

- No sector industrial predominan as desviacións en vertidos líquidos, residuos e atmosfera.
- No sector alimentario predominan as desviacións en residuos, solos e augas subterráneas e vertidos.
- No sector da xestión de residuos predominan as desviacións sobre vertidos líquidos e residuos.
- E no sector granxas predominan as desviacións sobre solos e augas subterráneas e nas MTDs, con diferenza sobre o resto dos vectores ambientais.

6.1.2. Inspeccións non Programadas IPPC

O número de inspeccións non programadas realizadas a actividades IPPC foi de 35. A seguinte gráfica reflicte o número de inspeccións non programadas segundo sexan de oficio, reactivas (por denuncias), preceptivas (previas ao outorgamento dunha autorización) ou de seguimento.

A distribución de inspeccións non programadas a actividades IPPC en porcentaxe, apréciase na seguinte gráfica:




Obsérvase que:

- A metade das inspeccións son preceptivas, a maioría para activar as autorizacións de xestor dentro da AAI e 7 son previas a vasos en vertedoiro IPPC.
- Dentro das inspeccións de seguimento, 5 son inspeccións a vertedoiros IPPC para comprobar situación das instalacións.
- Dentro das inspeccións de oficio atópanse 3 inspeccións a vertedoiros IPPC para comprobar situación actual.

6.2. Inspeccións a actividades non IPPC

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas a actividades non IPPC co respecto o número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:



Na seguinte táboa reflíctese a porcentaxe das inspeccións realizadas co respecto ao indicado no Programa de Inspección do 2024:

Inspeccións a actividades non IPPC	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	37	4	11%
Non programadas	80	108	135%

Obsérvase que no ano 2024:

- Reducíronse o número de inspeccións programadas a actividades non IPPC.
- Realizáronse moitas mais inspeccións non programadas das inicialmente estimadas.

6.2.1. Inspeccións Programadas a actividades non IPPC

No 2024 realizáronse poucas inspeccións programadas a instalacións non IPPC debido a:


- Como xa se xustificou anteriormente isto foi debido á priorización das inspeccións programadas IPPC, para dar cumprimento á normativa ambiental tanto a nivel estatal como europea e á periodicidade esixida.
- Realizáronse moitas mais inspeccións non programadas (tanto a instalacións non IPPC como a instalacións IPPC).

Debido a ambas causas decidiuse realizar só inspeccións a xestores de residuos, como un avance do subprograma de xestores de residuos que se inclúe no novo Plan de Inspección Ambiental 2025-2030.

6.2.2. Inspeccións non Programadas a actividades non IPPC

Realizáronse un total de 108 inspeccións non programadas a actividades non IPPC.

Na gráfica seguinte aparece a porcentaxe das inspeccións realizadas por cada tipo: oficio, preceptivas (previas a autorización), reactivas (denuncias), por emerxencia e seguimento.



Obsérvase que:

- Máis da metade destas inspeccións son inspeccións preceptivas (previas a outorgar unha autorización ou para dala de baixa).
- Realizáronse un 13% de inspeccións de emerxencia: 9 son por mor de activación do Plan Camgal en xaneiro. A estas 9 inspeccións hai que sumar 3 inspeccións de oficio que se realizaron en agosto para comprobar o transporte dos puntos de almacenamento dos residuos recollidos nas praias para o destino final de xestor. En total realizáronse 12 inspeccións como consecuencia da activación do Plan Camgal.

Dentro destas inspeccións non programadas a actividades non IPPC atópase 1 inspección a un vertedoiro non IPPC para comprobar a situación actual e actividade deste vertedoiro.

6.3. Inspeccións a vertedoiros

O control de vertedoiros realizouse principalmente a través das inspeccións de comprobación do cumprimento da súa AAI. En concreto, no ano 2024, realizáronse 8 verificacións ambiental a este tipo de instalacións.

En relación ao subprograma específico en aplicación do Real Decreto 646/2020 polo que se regula a eliminación de residuos mediante en vertedoiro considérase cuberto polas inspeccións de comprobación das AAI.


Adicionalmente ás anteriores, realizáronse 17 inspeccións a vertedoiros con outros obxectos:

- ♦ 16 inspeccións a vertedoiros IPPC: 7 previas por execución dun novo vaso ou por selado e 9 para comprobar situación e funcionamento da instalación.
- ♦ 1 inspección a un vertedoiro non IPPC para comprobar a situación actual.

6.4. Inspeccións de control de traslados de residuos

Neste apartado indícase as inspeccións levadas a cabo co obxecto de controlar o traslado de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia e comprobar que no transporte se acompaña a documentación requirida na normativa medioambiental.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas no subprograma de control de traslados de residuos con respecto ao número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:



Na seguinte táboa indícase a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación ao indicado no Programa de transfronteirizo de residuos:

Transfronteirizo de residuos	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada /programada
Programadas	16	18	113 %
Non programadas	2	1	50%


O control realízase desenvolvendo os seguintes subprogramas:

- Inspeccións programadas a operadores que importen/exporten residuos dende/cara Estados membros da Unión Europea.

- Inspeccións en estradas, que se dividen en:
 - *en fronteiras ou estradas próximas ás fronteiras.
 - *en estradas do interior da Comunidade Autónoma de Galicia.

As inspeccións en estradas fanse en colaboración coa Garda Civil e a *Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território* (IGAMAOT) de Portugal.

No ano 2024 realizáronse as seguintes inspeccións:



Nestas inspeccións compróbase que a documentación que acompaña ao transporte de residuos sexa a requirida na normativa ambiental:

- Se é un traslado de residuos entre Estados membros da Unión Europea, compróbase que leve o Anexo VII que se indica no Regulamento CE Nº 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 14 de xuño do 2006, relativo aos traslados de residuos.
- Se é un traslado de residuos polo territorio de España, compróbase que o transporte leve o Documento de identificación de acordo co Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

Como resultado das inspeccións realizadas en estradas paráronse un número de camións:


Control en estradas	Camións parados	Con residuos	Obsérvase infracción
Estradas transfronteirizas	58	18	5
Interior de Galicia	27	1	0
Total	85	19	5

Obsérvase que dos 85 camións parados, só un 22% transportaban residuos e destes compróbase que o traslado non levan a documentación correcta en 5 camións, o que supón un 26% dos camións con residuos.

Nas inspeccións realizadas neste subprograma compróbase que a maioría das infraccións nos traslados que se levan a cabo son:


- Co traslado non acompañan o Anexo VII (nos traslados transfronteirizos) ou Documento de identificación (nos traslados nacionais).
- Levan o documento correspondente pero presentan deficiencias como datos incompletos ou erróneos (como data efectiva do traslado, tipo e destino do residuo). Con carácter xeral, detectáronse deficiencias significativas nos ANEXOS VII que entre outros aspectos impiden que quede acreditada a recepción e valorización dos residuos trasladados.
- Nas inspeccións a operadores non acreditan os contratos e se o acreditan, con carácter xeral, os CONTRATOS están deficientemente formulados, non inclúen as obrigas establecidas para o destinatario, e nalgúns casos presentan outras deficiencias importantes.
- Nalgúns casos non coinciden o residuo que se traslada co que ven no documento de traslado e, a veces, o xestor de destino non esta autorizado para ese residuo.

Na seguinte gráfica reflíctense o resultado das inspeccións realizadas:



7. INSPECCIÓN REALIZADA POLA POLICIA AUTONÓMICA DE GALICIA (UPA)

As seis sedes da UPA (A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo) realizaron un total de 460 inspeccións. Destas, 388 foron inspeccións programadas e 72 non programadas.




Na seguinte táboa indícase a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co indicado no Programa de Inspección 2024:

Inspeccións realizadas pola UPA	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	700	388	55%
Non programadas	130	72	55%


Realizáronse menos inspeccións das inicialmente programadas ou estimadas (un 55%) como consecuencia de:

- A unha diminución de persoal da UPA e ao incremento do seu esforzo noutras competencias da comunidade autónoma coma a violencia de xénero ou a loita contra incendios.
- Unha diminución do subprograma de vertedoiros incontrolados, que indica o gran traballo realizado pola UPA nos anos anteriores.
- Acordouse non realizar outros subprogramas de xestores de residuos e pospoñelos para o ano 2025, dentro do novo Plan de Inspección Ambiental 2025-2030.

Na seguinte gráfica reflíctese as inspeccións levadas a cabo pola UPA:



As inspeccións maioritarias son puntos de vertedoiros incontrolados. Na seguinte gráfica obsérvanse os puntos de incontrolados atopados por provincias:



Compróbase que moitos dos vertedoiros atopados no ano anterior están limpos pero aparecen outros puntos de vertido. A maioría destes vertedoiros son residuos asimilables a urbanos, polo que dáse conta ao concello correspondente, para que dentro da súa competencia, xestione os residuos depositados ou requira ao titular da parcela a súa xestión.

En relación ás 72 inspeccións non programadas da UPA, 29 inspeccións son de investigación e 43 inspeccións son por denuncias recibidas.

Destas 72 inspeccións non programadas, un 86% son por tema de residuos e un 14% por existencia de vertidos líquidos.



8. INDICADORES AMBIENTAIS DO PROGRAMA 2024

Para avaliar o resultado do traballo realizado pola **Inspección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia** empréganse dous tipos de indicadores: os indicadores de actividade e os indicadores de resultados.

Os **indicadores de actividade** proporcionan información sobre o grao de execución do correspondente programa anual e a súa evolución temporal. Permiten avaliar a eficacia, ou capacidade de alcanzar os obxectivos propostos, e a intensidade do traballo da inspección ambiental.

Os **indicadores de resultados** proporcionan información sobre o aporte da IAG ao cumprimento da normativa ambiental. Son indicadores definidos no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

A avaliación de resultados permite valorar a eficiencia, ou capacidade pola IAG de reforzar o cumprimento da normativa ambiental (Resultados ou "Outcomes").

8.1. Indicadores de actividade

Realízanse indicadores de actividade, que sintetizan a información sobre o número de inspeccións realizadas, tempo en realizalas e desviacións do número de inspeccións programadas (Accións ou "Outputs") das inspeccións realizadas. Os empregados son:

8.1.1. Inspeccións anuais realizadas

Este indicador é o número de inspeccións realizadas no ano.

O obxectivo é que cada ano se realicen un mínimo de 300 inspeccións polos inspectores ambientais. No ano 2024 o número de inspección realizadas pola Inspección Ambiental de Galicia foi:



Número de inspeccións realizadas pola IAG en 2024	2024
Tipo de inspección	
Inspeccións programadas non IPPC	4
Inspeccións Non programadas - Oficio	11
Inspeccións Non programadas - Preceptiva	79
Inspeccións Non programadas - Reactiva	21
Inspeccións Non programadas - Seguimento	18
Inspeccións Non programadas – Emerxencia ou incidencia ambiental	14
Inspeccións Programadas IPPC	89
Inspeccións traslado residuos	19
Total Inspectores ambientais	255

Nº de inspeccións realizadas polos inspectores ambientais: 255

Obxectivo previsto no Indicador: realizar un mínimo de 300 inspeccións no ano.

Porcentaxe de cumprimento do indicador: 85%

Mencionar que no Programa do 2024 acordouse un número menor (253) porque se prevía movemento de persoal inspector debido aos procesos selectivos en curso.

8.1.2. Cumprimento do Programa de inspección

Indicador que reflicte si se cumpriron os obxectivos indicados no Programa de Inspección Ambiental. Este indicador reflicte paralelamente a calidade da planificación realizada.

Asociados a estes obxectivos atópase o Grao de Cumprimento que se expresa coma unha porcentaxe e que sería para cada subprograma o cociente das inspeccións que realmente se realizan entre o número fixado como obxectivo.

A meta a conseguir é realizar un **80%** de inspeccións en cada Suprograma.

Cumprimento	90-100%	80-89%	70-79%	60-69%	< 60%
Resultado	Excelente	Moi bo	Bo	Aceptable	A revisar

No ano 2024 a porcentaxe do cumprimento do programa:



Subprograma	Programa 2024	Realizadas	Porcentaxe
Actividades IPPC Programadas	105	89	85%
Actividades IPPC Non Programadas	15	35	233%
Actividades Non IPPC Programadas	37	4	11%
Actividades Non IPPC Non Programadas	75	108	144%
Traslados Residuos Programadas	16	19	119%

Superouse o obxectivo mínimo do 80% para todos os subprogramas agás as actividades Non IPPC Programadas.

No ano 2024 reduciuse o número de inspeccións programadas a actividades non IPPC. Como xa se xustificou anteriormente, foi debido á priorización das inspeccións programadas IPPC, prioridade que ven esixida na normativa ambiental tanto a nivel estatal como europea e ao aseguramento das periodicidades de inspección asignadas e tamén a un aumento das inspeccións non programadas.

8.1.3. Indicador de prioridade e tempos

Este indicador valora o tempo de realización da inspección tendo en conta as prioridades de cada inspección.

Caso especial son as inspeccións programadas a actividades con AAI. Nestas inspeccións xa está programada a realización dunha verificación por mes para cada persoal inspector.

Nas demais inspeccións, dependendo da prioridade que leve asociado unha inspección, unha vez solicitada a inspección, deberase realizar no período de tempo que se indica na seguinte táboa:

Prioridade	Urxente	Prioridade 1	Prioridade 2	Normal
Tempo	< 5 días	< 30 días	< 60 días	<90 días

No ano 2024, cumpriuse o 100% do grao de cumprimento das inspeccións de emerxencia ou moi urxentes.

No ano 2024 realizáronse un total de **14 inspeccións de emerxencia** (1 a actividades IPPC e 13 a actividades non IPPC) e nelas cumpriuse o tempo de inspección < 5 días.



8.1.4. Eficacia da inspección ambiental en actividades con AAI

Este indicador avalía a eficacia da actividade da inspección ambiental nas inspeccións programadas a actividades con AAI e a emenda das desviacións atopadas entre a visita de inspección e o informe definitivo da verificación ambiental.

O obxectivo deste indicador é acadar un 75% de desviacións corrixidas.

Este indicador non se avaliou este ano, ao modificarse o procedemento das inspeccións programadas IPPC neste ano 2024.

8.1.5. Eficacia da inspección ambiental en inspeccións de seguimento

Este indicador avalía a eficacia da actividade da inspección nas inspeccións non IPPC e indica a subsanación das deficiencias nas inspeccións de seguimento.

O obxectivo deste indicador é poder acadar un **50%** de desviacións corrixidas.

No 2024 realizáronse 10 inspeccións de seguimento, das cales en 4 inspeccións subsanaron as deficiencias atopadas na inspección inicial, polo que se acadou un **40%** de subsanación de desviacións.

8.2. Indicadores de resultados

Os indicadores de resultados refírese ao resultado das inspeccións en relación ao cumprimento da normativa ambiental. Son indicadores definidos no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 e son os seguintes:

8.2.1. Grao de cumprimento das actividades con AAI

Este indicador avalía o resultado das verificacións ambientais, de acordo coa valoración do grado de cumprimento: Total, moi alto, medio, baixo e moi baixo.

Grao de cumprimento da AAI	Total Moi alto ou	Alto	Medio	Baixo	Moi baixo
% actividades				<20%	
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador no Programa anual é conseguir que a porcentaxe das actividades con grao baixo e moi baixo sexa **<20%**.



O indicador no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 é a media do grao de cumprimento. O valor obtido se engadirá ao sumatorio indicado en dito Plan.

No 2024 os resultados son:

Grao de cumprimento da AAI	Total	Moi alto	Alto	Medio	Baixo	Moi Baixo
Nº actividades	18	25	7	31	5	1
% actividades	50%		8%	36%	6%	1%
Puntuación	5		4	3	2	1

A porcentaxe de instalacións con grao de cumprimento baixo e moi baixo foi un 7% polo que se conseguiu o obxectivo <20%

8.2.2. Cumprimento da normativa ambiental para actividades non IPPC

O indicador é o número de inspeccións que se mandaron ao Servizo Xurídico-Administrativo solicitando incoación de expediente sancionador.

O grao de cumprimento é o cociente obtido do número de inspeccións enviadas ao Servizo Xurídico-Administrativo polo total de inspeccións realizadas.

% envío para expedientes sancionadores non IPPC	<10%	10-25%	26-35%	36-50%	>51%
Situación	Boa	Regular	Mala	Moia mala	Non admisible
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador é acadar a situación de boa ao remate do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

No ano 2024, das 112 inspeccións realizadas a instalacións non IPPC (4 programadas e 108 non programadas), deuse traslado aos servizos xurídicos 22 inspeccións. Isto supón un 20%, o que supón unha situación REGULAR

8.2.3. Cumprimento da normativa ambiental para traslados de residuos

O indicador é o número de inspeccións que se mandaron ao Servizo Xurídico-Administrativo solicitando incoación de expediente sancionador.



O grao de cumprimento é o cociente obtido do número de inspeccións enviadas ao Servizo Xurídico-Administrativo polo total de inspeccións realizadas.

% envío expedientes sancionadores de traslado residuos	<10%	10-25%	26-35%	36-50%	>51%
Situación	Boa	Regular	Mala	Moi mala	Non admisible
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador é acadar a situación de boa ao remate do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

No 2024 no control de traslado de residuos realizáronse 19 inspeccións, das cales pasouse ao servizo xurídico 4 inspeccións.

O grao de cumprimento para o ano 2024 é dun 21%
o que indica unha situación Regular

Estes tres últimos indicadores de cumprimento teranse en conta para o cálculo correspondente dos indicadores de xestión "Cumprimento da Normativa Ambiental" do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.